

## **1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

### **INSTRUCCIÓNS:**

- 1.– Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
  - 2.– Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
  - 3.– O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
  - 4.– Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
  - 5.– Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
  - 6.– Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
  - 7.– A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.– Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Atendendo as definicións e a ordenación do tempo de traballo recollidas no artigo 46 do Estatuto Marco, o “período nocturno”:**

- A) Definírase nas normas, pactos ou acordos que sexan aplicables a cada centro sanitario.
- B) Terá unha duración mínima de dez horas.
- C) Incluirá necesariamente o período comprendido entre as 23 horas e as sete horas do día seguinte.
- D) Todas as respostas son correctas.

**2. Quen promulga as leis de Galicia segundo o Estatuto de Autonomía?**

- A) O presidente do Parlamento en nome do Rei.
- B) O presidente da Xunta.
- C) O Rei por petición do presidente da Xunta.
- D) O presidente da Xunta en nome do presidente do Goberno, debendo publicarse simultaneamente no «Diario Oficial de Galicia» e no «Boletín Oficial do Estado».

**3. O cargo de presidente ou presidenta do Servizo Galego de Saúde (Sergas) osténtao:**

- A) A persoa titular da Consellería de Sanidade.
- B) O/a xerente do Sergas.
- C) O/a presidente/a da Xunta de Galicia.
- D) O secretario ou secretaria xeral da Consellería de Sanidade.

**4. De conformidade coa Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, é competencia exclusiva do Estado:**

- A) O control sanitario dos produtos relacionados co uso ou consumo humanos.
- B) A organización e xestión dos sistemas de vixilancia en saúde pública.
- C) A autorización de instalación e funcionamento de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- D) A sanidade exterior.

**5. A Lei de Saúde de Galicia define no seu artigo 92 o Servizo Galego de Saúde:**

- A) Como un organismo autónomo de natureza administrativa.
- B) Como unha sociedade pública sanitaria.
- C) Como unha axencia pública adscrita á Consellería de Sanidade.
- D) Como unha entidade instrumental sen personalidade xurídica.

**6. A Lei de prevención de riscos laborais NON establece que os delegados/as de prevención:**

- A) Colaboren coa dirección da empresa na mellora da acción preventiva.
- B) Controlen o cumprimento da normativa de prevención por parte da empresa.
- C) Estean eximidos/as da prestación de servizos, pola súa condición de liberados/as sindicais.
- D) Estean suxeitos/as ao deber de sxiilo profesional respecto da información á que accedan en materia preventiva.

7. De acordo co Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o tempo mínimo de permanencia na situación de excedencia voluntaria por agrupación familiar será de:

- A) Un ano.
- B) Dous anos.
- C) Seis meses.
- D) Neste suposto o estatuto non fixa ningún período mínimo de permanencia.

8. **NON é un criterio de actuación das Administracións públicas incluído na Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:**

- A) Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- B) Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración.
- C) Promover a presenza rotatoria entre mulleres e homes nos seus órganos directivos.
- D) Fomentar a formación en igualdade no acceso ao emprego público.

9. **Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, a historia clínica:**

- A) Debe ser única por paciente en todo o Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) Debe ser entregada ao paciente tras cada episodio asistencial.
- C) Debe incluír o médico ou profesional responsable.
- D) É propiedade do paciente.

10. **Os postos de coordinadores/as do nivel de atención primaria do Sergas que NON requiran dedicación exclusiva ás funcións de coordinación, correspondentes ao persoal sanitario diplomado ou técnico, proveranse polo sistema de:**

- A) Avaliación colexiada do currículo profesional das persoas aspirantes e un proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade.
- B) Concurso de méritos.
- C) Libre designación.
- D) Concurso de traslados específico.

#### Preguntas de reserva

1. **Non é unha retribución básica do persoal estatutario dos servizos de saúde:**

- A) O soldo.
- B) As pagas extraordinarias.
- C) O complemento de destino.
- D) Os trienios.

2. **Indique cal dos seguintes dereitos encádrase dentro dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos na Constitución española:**

- A) A protección da saúde.
- B) A obxección de conciencia.
- C) O segredo das comunicacións telefónicas.
- D) Ningunha resposta é correcta.